

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VILAVERDE- MOURENTE
CURSO: 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA/ÁREA: LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA,
MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS, CIENCIAS DA NATUREZA,
PLÁSTICA E VALORES
DATA: 3º TRIMESTRE

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

CIENCIAS SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
CS-B1.1 Realizar traballos de investigación para obter información, selecciónala, organizala e comunicala	-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións	CSIEE CAA CSC CCL
CS-B1.9 Utilizar a terminoloxía propia da área	CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área	CCCI CMCCT CSC
CS- B2.1 Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das Tics.	CSB2.1.1 - Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes, incluídas as Tics	CMCCT CD
B2.5 Realizar medicións sinxelas e facer rexistros do tempo atmosférico a nivel local.	-CSB2.5.1 - Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.	CMCCT CAA
B3.6 Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e clasificalos segundo a súa función e uso.	CSB3.6.1 - Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	CMCCT CAA

CIENCIAS NATURAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
CN-B1.1 Buscar información de forma guiada.	1º-CNB1.1.1 - Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada.	CAA CCL CMCT CSIEEC CECCD
CN-B2.1 Manifestar emocións e sentimentos propios.	1º-CNB2.1.3 - Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios nas videoconferencias.	CMCT CSC CCL
CN-B3.2 Recoller, con axuda e de xeito guiado, datos a partir das súas observacións.	1º-CNB3.2.1 - Recolle datos de vídeos e comunícaos.	CMCT CCL CAA CSIEE CD
CN-B4.1 Reutilizar e reciclar obxectos.	1º-CNB4.1.1 - Reutiliza e recicla obxectos na casa e elabora maquetas.	CMCT CSC CSIEE
CN-B5.2 Empregar o ordenador de forma guiada.	1º-CNB5.2.2 - Emprega o ordenador de forma guiada para facer actividades online e videoconferencias.	CMCT CD

EDUCACIÓN PLÁSTICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
EP-B1.2 Presentar con limpeza e de forma ordenada as tarefas.	1º-EPB1.2.1 - Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto	CCEC CSC
EP-B1.3 Debuxar as formas básicas.	1º-EPB1.3.2 - Debuxa as formas básicas.	CCEC CCLCM CT
EP-B2.1. Empregar diferentes tipos de materiais para crear a posterior obras plásticas.	1º-EPB2.1.3 - Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posterior obras plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.2 Elaborar composicións plásticas empregando as ferramentas e as técnicas básicas.	1º-EPB2.2.2 – Elabora colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	CCEC CSIEE

MATEMÁTICAS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
MT-B1.1 Comunicar o proceso seguido na resolución de problemas	1º-MTB1.1.1 - Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	CMCT CCL
MT-B1.2 Presentar orde e limpeza nos traballos.	1º-MTB1.2.1 - Desenvolve un traballo limpo, claro e ordenado, en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.	CMCT CAA
MT-B2.1 Identificar oral e graficamente os números ata o 99.	1º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 99.	CMCT CCL
MT-B2.2 Utilizar os números ordinais.	1º-MTB2.2.1 - Utiliza os números ordinais en contextos diversos.	CMCT
MT-B2.2 Descompoñer números naturais e interpreta o valor de posición de cada cifra.	1º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT
MT-B2.4 Resolver problemas axeitados ao seu nivel.	1º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA
MT-B3.1 presentar traballos no que teña que empregar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.	1º-MTB3.1.1 - Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	CMCT
MT-B3.4 presentar traballos con reloxos	1º-MTB3.4.2 - Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.	CMCT
MT-B4.1 organizar elementos no espazo en relación a un mesmo.	1º-MTB4.1.1 – Expresa a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	CMCT
MT-B4.2 Coñecer as figuras planas básicas.	1º-MTB4.2.1 - Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.	CMCT CAA
MT-B5.1 Iniciarse no uso das representacións gráficas.	1º-MTB5.1.1 - Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas	CMCT CAA

LINGUA CASTELÁ

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
B1.1 Participar en situacións de comunicación respectando a queda de palabra	LCB1.1.1.Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias LCB 1.1.2.Aplica as normas socio comunicativas: escoita e respecta a queda de palabra	CCL CAA CSC
B1.3 Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia.	LCB 1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos - exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	CCL CD CAA CSC CSIEE
B1.6 Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB.1.6.1 - Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	CCE
B1.7 Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	-LCB.1.7.1 - Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas	CCL CAA CCEC
B1.9 Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB.1.9.2 - Describe, de forma sinxela, persoas, animais, obxectos...	CCL
B2.1 Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB.2.1.1 - Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL CAA
B3.3 Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos e coida a presentación	LCB3.3.1 - Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social.	CCL CD CAA

LINGUA GALEGA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
B1.3 Comprender e producir textos orais sinxelos	LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos	CCL CSIEE CAA
B2.1 Comprender a información en textos sinxelos de uso cotián.	LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos sinxelos.	CCL CD CSC
B3.1 Producir e reescribir textos sinxelos respectando as convencións elementais da escrita.	LGB3.1.1 - Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou	CCL CSIEE CAA
	LGB3.1.4 - Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso da maiúsculas	CCL CSC CCEC
B3.6 Mostrar interese pola presentación dos traballos escritos.	LGB3.6.1 - Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	CCL CD CAA
B4.2 Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1 - Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	CCL CSC CCEC

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
VSC-B1.2 Comunicar as súas emocións	1º-VSCB1.2.1 – Identifica e comunica as súas emocións.	CSC CSIEE
VSC-B1.4 Realizar as tarefas seguindo as pautas acordadas	1º-VSCB1.4.1 - Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.	CSIEE
VSC-B1.4 Manifestar verbalmente o que aprendeu.	1º-VSCB1.4.2 - Analiza e manifesta verbalmente que e como aprendeu	CSC CSIEE CAA
VSC-B2.1 Responder preguntas relacionadas con situacións vividas.	1º-VSCB2.1.2 - Responde preguntas relacionadas con situacións vividas	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.2 Expresar axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións nas vídeo chamadas.	1º-VSCB2.2.1 - Expresa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.	CCL CSC CSIEE

1. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos de avaliación :

- Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado
- Análise das producións solicitadas ao alumando (escritos, producións orais, fotos , vídeos, , maquetas e artefactos plásticos, ...)
- Observación e Intercambios orais durante as tele xuntanzas
- Uso das TIC
- Recompilación dos materiais remitidos

Instrumentos :

Alumnado:

Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado.
Táboas de control de actividades.
Rexistros de datos recompilados nas videoconferencias.
Imaxes enviadas polas familias das actividades propostas.

Profesorado: (ferramentas de avaliación):

- Documentos de rexistro
- Lista de control/valoración.
- Rexistro de traballo de alumnado en carpetas dixitais.
- Gravacións de audios/vídeos.

Instrumento de valoración:

- Recollida de imaxes das actividades propostas no blog para valorar o desempeño do alumnado en redactado, exposición escrita, presentación dun traballo escrito/virtual...
- Telexuntanzas para valorar a exposición oral.
- Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas.

Valorarase o realizado **na 3ª avaliación** de cara a una avaliación diagnóstica – avances realizados, atrasos producidos, dificultades detectadas- que permita obter datos cualitativos para a realización das programacións e programas de recuperación a deseñar o curso vindeiro (a finalidade é coñecer que se precisará reforzar, recuperar ou ampliar, que aprendizaxes deberán ser obxecto de tratamento no 2020/2021)

Teremos en conta o nivel de realización do traballo, que estea o mellor realizado posible, atendendo ás condicións ou pautas establecidas para a súa realización. Valores acordados:

Entrega de actividades ata un 25% = 5

	<p>Entrega de actividades do 25% ata o 40% = 6</p> <p>Entrega de actividades do 50% ata o 60% = 7</p> <p>Entrega de actividades do 60% ata o 70% = 8</p> <p>Entrega de actividades do 80% ata o 90% = 9</p> <p>Entrega de actividades do 90% ata o 100% = 10</p>
Cualificación final	<p>Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación <i>poderá</i> verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación (en ningún caso <i>poderá</i> verse diminuída). A 3ª avaliación servirá para subir a nota do alumnado nunca para prexudicalo.</p> <p>En situación normais a avaliación final é a media das tres avaliacións, mais nestas condicións adaptárase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:</p> <p style="text-align: center;">50% da 1ª+ 45% da 2ª avaliación* 5% da 3ª avaliación</p> <p>(Sempre que non supoña unha diminución da cualificación senón unha mellora con respecto da media da 1ª e da 2ª avaliación.)</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Envía as tarefas propostas pola titora • Presenta os seus traballos con limpeza e claridade.
	<p>Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados da 1ª e 2ª avaliación e <i>poderá</i> valorarse o traballo realizado nesta 3ª avaliación</p>
	<p>Procedementos de avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado. - Análise das producións solicitadas ao alumnado/revisión de tarefas. - Recompilación dos materiais remitidos. <p>Instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para alumnado: tarefas realizados polo alumnado á petición do profesorado. - Documentos de rexistro: lista de control e rexistro de datos do traballo do alumnado en carpeta dixital e ficha de rexistro do alumnado. Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas. - Instrumento de valoración: para valorar o desempeño do alumnado en exposición oral, redactado, lectura, presentación dun traballo escrito/virtual..)
	<p>Favoreceremos ao alumnado e daremos a oportunidade de recuperar as materias pendentes-suspensas do 1º ou 2º trimestre. Proporáselle algún tipo de tarefa a maiores, actividades extraordinarias, o mellor realizadas posible seguindo as pautas do profesorado, co propósito de superar esa materia. O alumnado que faga a tarefa recuperará a materia e o que non a</p>

	faga manterá o suspenso. Estas tarefas enviaranse a través de correo electrónico.
--	---

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades online de auto corrección/auto correctibles (de repaso, recuperación e reforzo) • Actividades de investigación, lectura, creación,... (repaso e ampliación) • Combinar actividades virtuais e tradicionais: Traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, textualizacións, esquemas e resumos, lectura, contestación de preguntas, cuestionario, resolución de operacións, elaboración de vídeo/presentación/fotos/..., exercicios de completar, visionado de vídeos, escoita de información/contos,...formulación de preguntas, debuxo, composición
Metodoloxía NON PRESENCIAL (Alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Deseñaranse propostas integradas entre áreas/materias a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos de 2º trimestre, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas e materias.</p> <p>Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias ademais dos sistemas de comunicación sincrónicas e asincrónicas, serán accións e propostas para o alumnado que sexan viables, sinxelas, flexibles e motivadoras para non crear desigualdades. O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ...</p> <p>As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación e o mantemento de contactos.</p> <p>Tódalas propostas son inclusivas e adaptables ás posibilidades do alumnado con NEAE , contando se fose preciso coa orientación do DO, PT e AL.</p> <p><u>Alumnado con conectividade:</u> As propostas de traballos serán coordinadas pola titoría, engadiranse ao blog do nivel semanalmente ou quincenalmente. Facilitaráselle un correo electrónico de nivel ás familias para que remitan os traballos dos seus fillos e fillas.</p>

	<p>Empregaremos os faladoiros e as vídeo-chamadas para manter un acercamento co alumnado sempre que sexa posible.</p> <p><u>Alumnado sen conectividade:</u></p> <p>Para o alumnado con falta de recursos dixitais tentarase buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades, así como o teléfono móbil do centro, o WhatsApp co mesmo número, o teléfono con número privado da titoría, ata os servizos prestados pola Casa Azul, Fundación Meniños ou a Cruz Vermella, e empregaranse as mesmas canles para a achega das actividades ás titorías.</p>
Materiais e recursos	<p>Recursos TIC (blog, chat, tokApp, páxinas web, materiais en rede,...)</p> <p>Teléfono e WhatsApp</p> <p>Recursos web</p> <p>Aplicación Cisco-webex</p> <p>Actividades de reforzo (escritas e on-line)</p> <p>Materiais adaptados DO</p> <p>Actividades conxuntas de centro</p>

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Remitirase información sobre esta adaptación da programación de 1º Educación Primaria do 3º trimestre ás familias a través de tokapp dende o centro indicando onde poden consultalas.</p> <p>Na información que se lle remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste 3º trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e se esta indica cambios lles será trasladada de novo”.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.